



Confederación Intersindical Galega
Sección Sindical en Telefónica
www.cigtelefonica.com

REFLEXIONS SOBRE A CARREIRA COMERCIAL

Nós pedimos A PARALIZACION DO PROCESO porque a pesares dos nosos intentos por crarexar as nosas dúbidas coa Xerencia de Gran Público segue a haber moitos puntos obscuros, moita palabrería e moi pouco documento escrito.

As nosas dúbidas son as seguintes:

-¿Por qué o feito de non adscribirte a esta carreira, sendo a adscripción voluntaria, tenche que prexudicar de cara a consecución dun traslado ou dun cambio de acoplamento?, Esto parécenos impresentable.

-¿Por qué tanta premura coa firma do documento de adscripción cando o convenio fala dun prazo de adscripción de dous anos a partires de que se implante no segmento?

-¿Onde aparece recollida esa diferenza de 600 euros anuais entre ASC e VE , que estase a ofertar aos ASC, como un motivo máis para a adscripción?

-¿Cómo é posible que un documento que se firma no cal te estás comprometendo a conseguir uns obxetivos e a entrar nunha carreira comercial non implique presión para quen despois non os consiga?

-¿En qué documento aparece que a renuncia vaise poder facer no momento que o empregado queira?

-¿En qué situación van quedar os ASC que non se adscriban?

-Si realmente imos facer o mesmo os ASC e os VE, ¿por qué se lles vai a pagar máis aos VE?,¿Qué empresario paga máis por nada?(Non hai máis que ler o Plan de Incentivos deste ano?)

-¿Qué seguridade temos de que isto non leve a acabar fora de convenio, que é a mellor maneira que ten a empresa para facer con nos o que queira?

Poderíamos seguir pero de momento pretendemos que se nos PRESENTE UN DOCUMENTO ESCRITO que acrare estas e outras dúbidas e que faga que este sexa UN PROCESO CRARO E VOLUNTARIO .

Coma na vida real **non se pode firmar un documento con dúbidas ni con presións porque iso invalida a voluntariedade**, hai que saber onde nos metemos e para qué, e si os obxetivos que persigue a empresa coinciden cos nosos obxetivos.

Sección Sindical CIG en Telefónica
A Coruña , 11 de xuño de 2004